

IPEE 3º ESO

Mínimos esixibles:

- Soldadura branda en fíos e cables. Útiles, materiais e normas básicas.
- Utilización de simuladores informáticos como método de deseño e previsión de problemas.
- Elaboración de esquemas gráficos de circuitos tipificando axeitadamente tódolos compoñentes.
- Medición co polímetro de diferenzas de potencial, resistencias e intensidades en circuitos eléctricos, seleccionando adecuadamente escalas e magnitudes.
- Identificación das características de cada un dos compoñentes dun circuito.
- Identificación e produción de accións magnéticas con corrente eléctrica.
- Realización de montaxes eléctricas sinxelas con pilas e resistencias.
- Realización de soldaduras e desoldaduras, comprobando a súa terminación e resposta.
- Emprego de software para a aprendizaxe e experimentación de circuitos eléctricos.
- Valoración crítica da incidencia da innovación tecnolóxica no campo da electricidade.
- Interese pola planificación e realización dos traballos de forma ordenada e metódica, participando nas tarefas de equipo, aportando e respectando as iniciativas persoais.
- respecto e responsabilidade polo manexo de ferramentas, aparellos e fenómenos eléctricos, tanto no que se refire á seguridade como á súa conservación ou emprego axeitado.
- Realización a pequena escala dunha instalación doméstica utilizando elementos comerciais e identificando a función dos distintos mecanismos que interveñen nela, confeccionando o presuposto da instalación e tarifando o seu consumo.
- Interpretación de recibos eléctricos.
- Sensibilidade cara ao aproveitamento racional da enerxía eléctrica.
- Realización de montaxes electrónicos a partir da interpretación de esquemas, analizando os comportamentos dos distintos compoñentes (resistencias, condensadores e bobinas).
- Utilización de ferramentas básicas para a montaxe de circuitos electrónicos.
- Identificación dos tipos de valores normalizados mediante a lectura de códigos para resistencias e condensadores de uso comercial.
- Montaxe dun transistor que funcione como interruptor nun circuito.
- Interese por adoptar unha actitude investigadora e reflexiva para analizar comportamentos en distintas configuracións de montaxes eléctricas e electrónicas.
- Ciclos formativos do sector. Requisitos de entrada e niveis.
- As categorías profesionais no mundo laboral e a súa relación cos ciclos formativos e outros estudos.
- Realización dun seguimento, a través da prensa, das ofertas e demandas de emprego relacionadas co sector.
- Valoración das normas que rexen o mundo do traballo: asistencia, puntualidade, rendemento, etc.

Criterio de cualificación:

50% Probas obxectivas

Traballo no taller: 10% construción e 10% traballo teórico do proxecto

10% Traballo na aula de informática, actitude e interese pola materia

20% Cumprimento das tarefas propostas no aula, ou no seu caso, valoración dos traballos propostos por cada profesor en cada curso.

Non se fará media se a nota dalgún dos apartados é cero ou se no exame no se acada o 3.

Procedementos de avaliación:

No que se refire a procedementos e ferramentas de avaliación utilizaranse durante o curso os seguintes:

- Seguimento e análise das producións dos alumnos: caderno de clase e actividades propostas.
- Observación sistemática e seguimento directo das actividades que se realicen no taller. Prestarase atención tanto ao traballo individual (correcta utilización das ferramentas, orde, limpeza, cumprimento das normas de seguridade, constancia, interese por facer ben as cousas) como ao traballo en equipo (participación no grupo, aportación de ideas, respecto y tolerancia cara os demais).
- Proxectos que os alumnos presentan ao longo do curso, nos que se avaliará a súa comprensión, o seu funcionamento, a aportación persoal, etc.
- Exposicións orais dos proxectos realizados. Permiten obter información, tanto sobre a capacidade de expresión oral, como sobre o traballados que estén os contidos.

Probas escritas. Versarán sobre os contidos dun conxunto de unidades. Como mínimo realizaranse tres ao longo do curso, unha en cada trimestre para detectar a comprensión e asimilación das unidades tratadas